



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

*Aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 30 reguladora do prezo público da Festa Gastronómica do Polbo*

**Expediente núm.: 743/2024**

**Anuncio de aprobación inicial**

### EDICTO

O Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 24 de abril de 2024, aprobou provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 30 reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, publicada no BOP da Coruña núm 123, do 30 de xuño de 2016.

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://mugardos.sedelectronica.gal>.

No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse de xeito íntegro o texto da modificación aprobada no BOP

Mugardos, a 03 de maio de 2024.

A concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica, do Concello de Mugardos

(Decreto 2023-0615 de 26/06/2023), Ana María Varela Bastida.

2024/3015